# INSTRUCIÓNS PAGO DE TAXAS TÍTULOS ACADÉMICOS NON UNIVERSITARIOS

## TÍTULOS/ DUPLICADOS LOE

- Debe empregarse o **Modelo A** de autoliquidación (en papel) ou descargar un **Modelo AI** para cada alumno dende a web de Atriga. Os modelos están numerados, polo que é preciso que se realice unha descarga por persoa. É dicir, non se pode descargar un modelo e logo fotocopialo para obter máis modelos. O número do modelo é único para cada un. A web da Atriga permite descargar o modelo e pagar no banco, ou mesmo pagar de forma online. En ambos casos, o alumno deberá levar o xustificante de pago ao centro.

  Web Atriga (Ir a Pago de taxas e prezos/ Iniciar taxa/ Descargar modelo ou Iniciar taxa segundo se queira pagar no banco ou online)

- Os códigos que hai que indicar son os seguintes:

Axencia Tributaria de Galicia

TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
Lei 6/2003, do 9 de decembro
Decreto 61/2005, do 7 de abril
AUTOLIQUIDACIÓN

Modelo AI EUROS

AI1292380 2

CÓDIGOS

| | | |
|---|---|---|
| Consellería de EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL | Código: | 0 7 |
| Delegación de SERVIZOS CENTRAIS | Código: | 1 3 |
| Servizo de ENSINO MEDIO | Código: | 0 3 |
| Taxa: denominación: Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados | Código: | 3 0 2 0 0 3 |

- As taxas correspondentes a cada título ou duplicado atópanse na portada da plataforma de títulos.

- É moi importante que **o pago dun título nunca se realice** antes da data de fin de estudos, é dicir, non se pode pagar **con anterioridade á data da acta de avaliación final**.

## TÍTULOS/ DUPLICADOS LOXSE

O procedemento é exactamente o mesmo que para os títulos LOE. O único que cambia é a denominación da taxa e o seu código.

| | | |
|---|---|---|
| Taxa: denominación: Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOXSE e dos seus duplicados | Código: | 3 0 2 0 0 1 |